

*Programa de Promoción da Igualdade e de  
prevención da violencia de xénero:*

# **Ponteceso en Igualdade**

CONCELLO DE PONTECESO

## 0.2. DESEÑO DA PROPOSTA

Os seres humanos vivimos nun proceso de socialización constante, de aí a importancia que cobra a sensibilización en materia de igualdade e a prevención de violencias machistas como elementos que promoven cambios de valores e actitudes no conxunto da sociedade.

Dende este punto de partida, o Programa de Promoción da Igualdade e prevención contra a violencia de xénero: **Ponteceso en Igualdade** pretende achegar á cidadanía en xeral, e á comunidade educativa en particular, a necesidade de ser parte activa e positiva na defensa da igualdade de xénero e na prevención e eliminación das violencias contra as mulleres.

**Ponteceso en Igualdade** pretende constituírse nunha proposta práctica coa que, a través de dúas accións coordinadas e complementarias contribuír á sensibilización e concienciación en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero. As accións propostas son as seguintes:

### CONTACONTOS POLA IGUALDADE

Contacontos pola Igualdade é unha actividade instaurada na área de promoción da Igualdade entre mulleres e homes e de prevención e tratamento integral da violencia de xénero. Dende a presente proposta utilízase a maxia dos contos para introducir ás nenas e nenos na igualdade de oportunidades, servindo así como recurso de eliminación de estereotipos e de roles de xénero.

### PONTECESO EN IGUALDADE

---

### CHAPAS POLA IGUALDADE

Chapas pola Igualdade é un proxecto que propón implicar ás alumnas e alumnos na resolución das desigualdades de xénero, de xeito que sexan as rapazas e rapaces as que asuman o protagonismo e actúen como axentes dinamizadores do cambio na sociedade.

---

## 02.5. EXPOSICIÓN

A continuación procedemos a describir polo miúdo cada unha das actividades propostas para o desenvolvemento do Programa de Promoción da Igualdade e prevención contra a violencia de xénero: **Ponteceso en Igualdade:**

### CONTACONTOS POLA IGUALDADE

#### **A que idades empézase a observar condutas machistas nas persoas?**

No primeiro ciclo de educación infantil.

Sorprende que a esta tempranísima idade xa se poden detectar condutas e prexuízos sexistas: contos de nenos e de nenas, xogos, disfraces, cores e mesmo zapatillas, son algúns comentarios que verbalizan en clase nenas e nenos de tres anos e incluso menos.

E do sexismo ao machismo hai un paso moi pequeniño, engadindo a connotación negativa de inferioridade e listo. Nais preocupadas porque os seus fillos só queren xogar a cociniñas, pais que non queren que os seus fillos leven uns leggings para a actuación de final de curso etc.

Traballar as emocións desde idades temperás permite adquirir habilidades, ferramentas sociais e crear relacións positivas cara as demais persoas.

Para saber as consecuencias da mala xestión das emocións, sobre todo das negativas, debemos identificalas e así, construiremos as bases para a prevención de calquera tipo de violencia.

Esta actividade nace coa intención de que nenas e nenos identifiquen algunhas emocións básicas, como a rabia e a calma, e así poidan xestionalas de maneira adecuada tanto nas súas relacións actuais como nas vindeiras, sentando as bases para a resolución pacífica de conflitos e, en definitiva para a prevención da violencia (tamén a de xénero).

#### **Os obxectivos básicos da proposta son:**

- Identificar e coñecer as emocións desde idades temperás.
- Inculcar a socialización positiva e coñecer os seus beneficios.
- Traballar a empatía.
- Previr a violencia e traballar a igualdade.

#### **Como o conseguiremos?**

Cunha metodoloxía lúdica, igualitaria, activa e participativa.

Utilizaremos os contos como vehículo para conseguir os nosos obxectivos, a lectura e a narración de contos formaron parte sempre do ritual de aprendizaxe dos valores sociais. Os contos foron unha ferramenta eficaz empregada no proceso socializador das nenas e nenos. Podería dicirse que o conxunto de lecturas que forman parte da nosa infancia tiveron certo protagonismo no desenvolvemento persoal das nosas personalidades.

Tendo en conta isto, empregaremos os contos como ferramenta para o coñecemento de emocións e a prevención da violencia nas crianzas.

### **Canto dura a actividade?**

A actividade dura unha sesión de 60 minutos na cal unha especialista narrará un conto e desenvolverá actividades coas nenas e nenos para afianzar conceptos.

### **A quen vai dirixido?**

Esta actividade é adecuada para ser implementada con menores de 3 a 6 anos do CRA Nosa Señora do Faro nas seguintes escoliñas: Brantuas, Campara, Xornes, Pazos, Tallo, Tella e Sede.

## **EXPOSICIÓN DA ACTIVIDADE**

### **Contamos o conto O monstro de cores de Anna Llenas (20 minutos)**

Este monstro tan colorido, ten un grave problema... fíxose unha lea coas emocións. Grazas á axuda dunha nena consegue poñelas en orde, enténdelas e separalas. Con este conto falamos e traballamos nas diferentes emocións.

### **Identificamos emocións (20 minutos)**

Levamos fabricados 6 monstros de cor con cada unha das emocións, así como tarxetas con supostos de situacións nas que se produzan cada unha das emocións.

Leremos en grupo cada un dos supostos e colocaremos a tarxeta coa emoción no monstro correspondente.

Os supostos son:

- É de noite e o papá de Estevo está con el na cama léndolle un conto, como se sente Estevo?
- Os compañeiros e compañeiras de clase de Carlos non lle invitan a xogar ao fútbol, como se sente Carlos?
- Ana chega á casa e a súa aboa agárdalle cunha sorpresa, como se sente Ana?
- Antón está na casa pola tarde e levántase unha gran treboada, como se sente Antón?
- Lía e María son as mellores amigas, como se senten cando están xuntas?
- O pai de Berta estaba a servir a cea e nun descoido caéuselle o prato coa comida ao chan, como crees que se sente?
- Paula estudou moito para o exame de inglés, pero non lle saíu tan ben como pensaba, como se sente Paula?
- Nuno foi á praia e atópase merendando na area despois dun agradable baño no mar, como crees que se sente Nuno?
- O gatiño de Elena atópase enfermo, como crees que se sente Elena?
- Noelia vai paseando pola beirarrúa e os coches pasan moi rápido ao seu carón, como se sente Noelia?

- Pablo chega á casa e o seu pai cociñoulle a súa comida favorita, como se sente Pablo?
- Cando soa o timbre do recreo, como se senten as nenas e nenos da clase?

#### **Proposta 4: Caricias verbais (20 minutos):**

En gran grupo, cada participante ten que expresar ás e aos demais polo menos unha cousa que lle guste da súa compañeira ou compañeiro do lado esquerdo (calidades, físico, actitudes).

#### **É moi importante que a todas as nenas e nenos se digan algo positivo.**

A dinamizadora irá lembrando as características positivas que cada unha e cada un recibiu e animaralles a que as lembren a miúdo.

### **CHAPAS POLA IGUALDADE**

Chapas pola Igualdade é unha actividade instaurada na área de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e tratamento integral das violencias de xénero. Dende esta actividade búscase que o alumnado traballe de forma cooperativa e dende a perspectiva de xénero.

Neste obradoiro, as nenas e nenos, deseñarán chapas con slogans relacionados coa igualdade e a prevención da violencia de xénero.

Os slogans serán o resultado dun traballo previo no que rapazas e rapaces documentaranse acerca dos contidos a tratar (desigualdades sociais, educativas, laborais, acoso, violencias de xénero, etc.) e plasmarán nunha chapa o resultado da súas impresións e aprendizaxe dende unha perspectiva crítica.

Partindo da creación duns contidos principais, tanto descritivamente como graficamente, comézase a creación e elaboración das chapas.

O feito de que nenas e nenos sexan as propias creadoras e creadores dos contidos e deseños, facilita a implicación na dinámica da intervención así como un sentimento de creación e de autoría que incrementa a autoestima e o auto concepto.

**Obxectivo Xeral:** Realizar actuacións dirixidas a favorecer a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, destinadas a facer efectivo o principio de igualdade, mediante un proceso socioeducativo, lúdico e didáctico.

#### **Obxectivos Específicos**

- Ofrecer ás nenas e nenos de 5º e 6º de PRIMARIA modelos de actuación libres de estereotipos sexistas.
- Fomentar técnicas non violentas de resolución de conflitos.
- Fortalecer a autoestima, a asertividade, a igualdade, a tolerancia, a responsabilidade e a seguridade nun clima de respecto a diversidade e as liberdades.

- Valorar a creatividade e a súa expresión gráfica como forma de transmisión de valores.
- Potenciar a imaxinación e a creatividade a partir da creación plástica.

### **Metodoloxía didáctica**

O deseño da intervención basearase no enfoque socioafectivo (Jares, 1999) a través do que se pretende secuenciar a aprendizaxe en niveis de emoción, racionalización e toma de decisións.

Preténdese incluír na análise da realidade o coñecemento e experiencia das persoas, para logo ordenar os coñecementos e achegar informacións e desmontar falsas crenzas.

A persoa é a protagonista. Nós canalizamos a aprendizaxe mediante técnicas de participación e xestionamos ao grupo para a súa maior eficacia no tratamento de contidos nas sesións especificadas. Inserimos técnicas didácticas de enfoque construtivista.

O resultado é unha aprendizaxe significativa gravada pola emoción e a intensidade da experiencia. Afirmase a auto avaliación das nais e dos pais para un desenvolvemento evolutivo e favorecedor do cambio cara mellores condutas educacionais.

### **EXPOSICIÓN DA ACTIVIDADE**

#### **Día 1:**

**Duración: 100 minutos (50'+50')**

#### **Falamos de estereotipos e prexuízos de xénero (30 minutos):**

Proxectamos o vídeo *¿Que significa hacer algo como niña?* e comentámolo expollendo as seguintes preguntas.

- Credes que existe una idea negativa sobre o que é facer algo coma unha nena?
- E sobre os nenos?
- Cales son?
- Son reais? Son xustas?

Proxectamos as seguintes frases:

- Que nena máis bonita, es unha princesa.
- Mira que guapa, co teu pelo arranxado!
- Non sexas tan bruta xogando, parece un neno
- Estás moi guapa con saia
- Tes que comer máis, estás moi delgada, parece un pau
- Oístes algunha vez algunha destas cousas?

### Un castelo con moita historia (20 minutos):

Viaxamos no tempo e acabamos de chegar a un precioso castelo medieval para coñecer que facían as nenas e nenos desa época. Fixádevos ben nos debuxos e imos sinalar os 4 erros.



Unha vez sinalados os catro erros, expoñemos as seguintes cuestións:

- Fai uns anos, que cousas non podían facer as mozas?
- E os mozos?
- Que podían facer as mozas?
- Segue sendo así?

### Cousas que facemos (20 minutos):

Vemos o vídeo *GoldieBlox* e debatemos:

- Que lles pasa ao principio do anuncio ás nenas?
- Como están vestidas?
- Que cousas collen para iniciar o xogo enxeñeiro? (caixa de ferramentas, unhas lentes e uns cascos)
- Que utilizan para construír a súa máquina? (cuncas de té rosas, bonecas, paraugas, escaleiras de man, pelotas, patines, etc.)
- As nenas divírtense?
- Que podemos acabar dicindo despois da sesión de hoxe?

### **Busca de ídolos e ídolas (30 minutos):**

Esta actividade servirá para visibilizar os estereotipos de xénero a través das experiencias propias.

O alumnado dividirase en grupos e buscará dous exemplos de personaxes masculinas e dous exemplos de personaxes femininas que consideren ídolos.

Posteriormente anotarase no encerado todos os nomes dos ídolos divididos en columnas de homes e mulleres.

Abrirase un debate onde se expoñan preguntas como:

- Cal é a actividade que desempeñas estas personaxes?
- Cales son as diferencias e similitudes entre as dúas listas?
- Que valores destacarías nos homes?
- E nas mulleres?
- Por que?
- Tedes vós e a sociedade en xeral, estereotipos e expectativas distintas segundo se trate de homes ou mulleres?

Finalmente amosamos a seguinte foto que transgride o modelo de masculinidade para “rachar esquemas” e explicamos que as “ cousas de mozos” non son resultado de algo natural, se non de todo o proceso de socialización diferencial.

Facemos fincapé en que si logramos “rachar esquemas”, se así o desexamos, sen estar limitadas e limitados polos condicionantes de xénero, será posible que cada persoa desenvolva plena e libremente os seus valores, potencialidades, preferencias e expectativas vitais.



### **Día 2:**

**Duración: 100 minutos (50´+50´)**

- Taller de deseño.
- Elabóranse as Chapas pola Igualdade.
- Realización de documento gráfico do resultado.
- Posta en común da experiencia vivida os 2 días de xornada e elaboración das conclusións e enquisa de satisfacción.